

**O pasado día 7 de Setembro tivo lugar nesta avv unha xuntanza co concelleiro da zona rural D. Jose Polo no que se lle trasladou unha relación de queixas e suxerencias que os veciños de Covas achegaron a esta Avv**

### **Relación de queixas e suxerencias:**

- **Amaño das pasarelas** de accesos a praia de Sta Comba e Ermida.(achégaselle foto do estado da pasarela)
- **Aparcadoiros nas praias**, delimitación dos mesmos en Ponzos (achégaselle foto) e Sta Comba
- **Parque biosaludable para maiores e parque infantil** no terreo contiguo ó local social da avv.(orzamentos participativos).
- **Aparcadoiro do cemiterio**. Aprobado pola anterior corporación. É necesario un espacio acondicionado para que o autobús e particulares podan aparcar nos enterros, actualmente segue utilizándose como vertedoiro.
- **Contenedor de papel ubicado en prior** xunto o bar horizonte, precisase dun anclaxe xa que os días de vento desplázase cara a estrada, co conseguita perigo para peatóns e vehículos .
- **Contenedor de papel e vidro** diante do local social atopamos o amarelo de plásticos, o xeral de tapa verde e para recoller aceite. Solicitase o de vidro e de papel.
- **Contenedores de recollida na cooperativa**, posibilidade de ubicalos dentro da esplanada da coop., o contenedor de vidro é grande e impide a visibilidade aos coches para saír a estrada.
- **Espello tráfico**. Solicitase un espello na saída do camino vello a estrada xeneral na curva de soagraña.
- **Corte e recollida da maleza e limpeza en estradas, camiños e outros lugares de Covas**. Ante as solicitudes dos veciños sería convinte contar con un calendario de actuacións que a empresa correspondente podería elaborar xunto con esta Avv.
- **Desbroce no local social e no colexio**
- **Limpeza do campo da festa de Sta. Comba**, logo da festa non o limparon de cascós de botellas, latas e plásticos. (achégaselle foto)

- **Limpeza das estradas de Covas**, malia facer nos pasados días traballos de corte de maleza na estrada de Covas, non se limparon as beiravías, se a isto engadimos que carecemos de carris peonis ou beirarúas, a xente ten que seguir invadindo a estrada nos seus desplazamentos. Tramos farmacia-cochera, soagraña-prioiro, estrada do vilar.

- **Limpeza e asfaltado de pistas e camiños**, a limpeza da maleza so se fixo nuns poucos. Relación de camiños, asfaltados ou non, nos que o asfalto atopase moi deteriorado e están cheos de baches:

- **Camiño Vello**, urxe a canalización das augas no tramo dende a Casa da Coxa ata a primeira desviación para as praias. A auga entra nas casas. Os propietarios xa denunciaron a situación o ano pasado no Concello.
- **Camiños do Piñon**, asfaltados, o rebacheado foi feito as presas e seguen existindo os baches, non se solucionou a cuneta e a canalización das augas.
- **Camiño dende o bar Covas ao pinar**, asfaltado, existencia de baches.
- **Camiño dende Soagraña-Casa da Canteira**, rebacheado.
- **Camiños das Pozas**, asfaltados ou non, existencia de baches.
- **Camiño dende o curce do Vilar ata a Praia de Sta Comba**, pista de terra con abundancia de baches e maleza.
- **Camiño no Prioiro de acceso a Marmadeiro-Sta Comba**, amaño dos baches na parte asfaltada e abundancia de baches na pista de acceso á Praia.
- **Camiño da Cova**, baches grandes nos primeiros 500 m.
- **Camiño asfaltado** dende o local social-curva de soagraña ata Praia de Esmelle, (achegase plano) existencia dun vertedoiro .
- **Camiño a Sta. Comba-Ermida**, amaño do tramo final do mesmo co aparcadoiro, existencia dun desnivel.
- **Camiño das cabazas a estrada do vilar**, ésta pista ten moitos baches e da servizo a moitas casas polo que se solicita o seu asfaltado.

- **Colexio de Covas**. O grao de abandono é importante, cristales rotos da porta principal, portas interiores rotas, suciedade e cheiro nos baños.

A Asoc. Cultural Columba e esta Avv solicitaron ao concello, no ano 2008-9, o uso de dito local para a instalación dun museo etnográfico e outros usos sociais. Solicitase unha nova xuntanza co concello para tratar este tema.

No local anexo ao colexio ben funcionando, con moito éxito un albergue de peregrinos, dende esta avv. solicitase ao concello unha xuntanza para un impulso na labor de difusión así como a súa inclusión no Camiño de Santiago.

- **Tapa de rexistro, alcantarilla ou telefónica, á altura da curva da farmacia-casa da asturiana**. Non esta ben asentada e co paso dos vehículos move-se.

- **Paseo de madeira Praia da Fragata, tramo aparcadoiro-caseta de socorrismo**, falta o primeiro tramo de madeira comenzando pola caseta de socorrismo.

- **Marquesina parada autobús**, situada logo de pasar o cruce do vilar cara ao prioiro, esta sen tellado.

- **Local social da Avv Sta Comba de Covas. Calefacción**, situación da caldeira en industria. **Xenrador eléctrico**, visita dun técnico para súa posta en marcha ou revisión. **Bomba de achique das fosas sépticas**, revisión da toma de corrente eléctrica. **Vitrina exterior taboeiro de anuncios**, instalada na segunda quincena de Xullo deste ano, e durante o mes de Agosto os gamberros, foráneos ou non, fan pintadas (achegase fotos) e non contentos co resultado rompen o cristal cunha pedra.

- **Beirarruas**. Nas beirarruas atopamos moitas lousas levantadas, e tramos estreitos ou cun desnivel (a altura do forno de pan) que fan imposible o paso á xente e provocan accidentes

Esta pendente de realizar o tramo de beirarruas-carril peonil dende o local social ata o cruce do vilar e dende a farmacia ata a estrada de Esmelle. Aínda que a execución da obra corresponde a Deputación soliciotamos do Concello un impulso das mesmas.

Aproveitando o existente, habilitar os tramos necesarios para unir nun carril bici Doniños-San Xurxo-Esmelle-Covas e próximo corredor Covas-Naron-Valdoviño.